



ACTA Nº 2 DO TRIBUNAL DO PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN MEDIANTE CONCURSO – OPOSICIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA O POSTO DE ASESOR/A XURÍDICO/A PARA O CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) DO CONCELLO DE ARZÚA.

Reúnese o Tribunal de selección conforme á composición determinada mediante resolución de Alcaldía para proceder á valoración dos méritos da fase de concurso do proceso de selección mediante concurso – oposición dunha bolsa de emprego para a contratación de persoal laboral temporal para o posto de Asesor/a Xurídico/a para o Centro de Información á Muller (CIM) do Concello de Arzúa conforme ás bases de selección aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión do 24/01/2024 e publicadas no BOP nº 33 de 15 de febreiro de 2024.

Data da sesión: 24/05/2024.

Hora de inicio: 09.00 horas.

Hora de finalización: 14.00 horas.

Asistentes:

Presidenta: Ana Aldao Corral (Directora do CIM do Concello da Laracha)

Vogais:

Marta Pérez Iglesias.(Técnica de Administración Xeral do Concello de Arzúa).

Eva Ovenza Pereira (Técnica de Políticas de Igualdade da Deputación da Coruña)

Juan María Insua Santamaría (Asesor xurídico do CIM do Concello de Palas de Rei)

Secretario: Federico Suárez Cancelo (Secretario do Concello de Oroso)

Reunido o Tribunal á hora e data anteditas, na Casa do Concello de Arzúa á preparación da primeira proba da fase de oposición consistente en 30 preguntas de tipo test con catro respostas alternativas e 5 preguntas mais de reserva que se anexan a continuación da presente acta.

Posteriormente ás 12:30 horas se procede a realizar o chamamento das aspirantes admitidas a participar no presente procedemento de selección:

NOME	ASISTE
SANDRA TILVE PÉREZ	NON
INÉS RODRÍGUEZ LEIRA	SI
MARÍA PAZ AMIL ROMERO	NON
XIOMARA ERLINDA LAZO FUENTES	SI
MARIA DE LOS ÁNGELES MERA COSTAS	NON
MARIA DEL ROCÍO ARNOSO MOURE	NON

A continuación e por un tempo de 45 minutos procédese á realización da primeira proba que unha vez finalizada e entregada polas aspirantes presentadas procédese á súa valoración conforme ao baremo fixado nas bases de selección cos seguintes resultados:

Aspirantes que teñen superado a primeira proba:

NOME	CUALIFICACIÓN
INÉS RODRÍGUEZ LEIRA	15,50
XIOMARA ERLINDA LAZO FUENTES	17,50

Finalmente o Tribunal de selección por unanimidade dos seus membros con dereito a voto acorda igualmente:

-Establecer un prazo de 3 días hábiles a contar desde a publicación da presente acta para que as interesadas poidan presentar as alegacións que estimen oportunas ás puntuacións outorgadas.

-Fixar como data hora e lugar para a realización do segundo exercicio da fase de oposición:

O Martes 11 de xuño ás 10:00 horas na Casa do Concello de Arzúa.

Non sendo outro o obxecto da sesión levántase á mesma á hora anteriormente indicada de todo o cal se da fe, asinando de xeito electrónico os membros do Tribunal.

PRIMEIRA PROBA DO PROCESO DE SELECCIÓN BOLSA DE EMPREGO PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL PARA O POSTO DE ASESOR/A XURÍDICO/A PARA O CENTRO DE INFORMACIÓN Á MULLER (CIM) DO CONCELLO DE ARZÚA.

NOME _____

1.- O Centro de Recuperación Integral para mulleres vítimas de violencia de xénero ten a súa sede

- a) Nas capitais de provincia.
- b) Na cidade de Ourense.
- c) Na cidade de Santiago de Compostela.
- d) Na cidade de Vigo.

CORRECTA A C.

2.- Segundo o artigo 2.7 da Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da Orde de protección das vítimas da violencia doméstica, as medidas de carácter civil contidas na orde de protección terán unha vixencia temporal de:

- a) 10 días
- b) 15 días
- c) 20 días
- d) 30 días

CORRECTA A D.

3.- O avogado/a de garda da quenda de oficio deberá asistir á vítima nun tema de violencia de xénero:

- a) Só se lle avisa un xulgado de violencia sobre a muller.
- b) En todos aqueles procedementos, incluso os civís, derivados da situación de malos tratos.
- c) Só naqueles procedementos que se inicien o día da garda.
- d) Só nos procedementos penais.

CORRECTA A B.

4.- O artigo 3.3 da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, dispón:

- a). As campañas de información e sensibilización contra esta forma de violencia realizaranse con campañas de publicidade que resulten impactantes para desmontar as bases sobre as que se asenta a violencia de xénero: como os clichés, os prexuízos, o machismo e os estereotipos.
- b) As campañas de información e sensibilización contra esta forma de violencia realizaranse de maneira que se garanta o acceso ás mesmas das persoas con discapacidade.
- c) As campañas de información e sensibilización contra esta forma de violencia realizaranse para concienciar á sociedade sobre a necesidade de combater as actitudes que toleran a violencia contra as mulleres coa finalidade de neutralizar as actitudes sociais que toleran e sosteñen a violencia contra as mulleres.
- d) As campañas de información e sensibilización contra esta forma de violencia realizaranse para chamar a atención da poboación sobre comportamentos considerados limitantes e agresivos contra a muller.

CORRECTA A B.

5.- O servizo telefónico de Atención e Protección para vítimas de violencia de xénero (ATENPRO) consiste:

- a) Baséase no emprego da tecnoloxía de comunicación móbil e telelocalización.
- b) Ofrece ás usuarias unha atención inmediata as 24 horas do día, os 365 días do ano.
- c) É un servizo de carácter gratuíto.
- d) Todas son correctas.

CORRECTA A D.

6.- No artigo 3 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuales en Galicia, referente ao concepto de discriminación define as seguintes tipoloxías:

- a) Discriminación directa e indirecta.
- b) Discriminación directa, indirecta, múltiple e acoso discriminatorio.
- c) Discriminación homófona.
- d) Todas son falsas.

CORRECTA A B.

7.- Especificáanse como beneficiarias no artigo 5, da Lei 5/2010, do 23 de xuño

- a) Mulleres xestantes en especial situación de risco.
- b) Mulleres xestantes menores de idade.
- c) Mulleres maiores de 40 anos.
- d) a) e b) son correctas.

CORRECTA A D.

8.- De conformidade coa Lei 13/2008, do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia e na lexislación de aplicación sobre réxime local, corresponden aos concellos, no marco da planificación e ordenación xeral do sistema galego de servizos sociais, as seguintes competencias:

- a) O establecemento do marco normativo en materia de servizos sociais
- b) O exercicio das potestades inspectora e sancionadora
- c) A creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos
- d) A xestión de subvencións e outras axudas públicas que conceda a centros e entidades prestadoras de servizos Sociais.

CORRECTA A C.

9.- O artigo 27.2º “Axudas sociais”, da Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero modificado polo número tres do artigo único da Real Decreto-Lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero dispón que:

- a). O importe desta axuda será equivalente ao de tres meses de subsidio por desemprego. Cando a vítima da violencia exercida contra a muller tivese recoñecida oficialmente unha discapacidade nun grao comprendido entre o 33 e ata o 65 por 100, o importe será equivalente a seis ou doce meses de subsidio por desemprego dependendo do grao recoñecido.
- b) O importe desta axuda será equivalente ao de seis meses de subsidio por desemprego. Cando a vítima da violencia exercida contra a muller tivese recoñecida oficialmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por 100, o importe será equivalente a doce meses de subsidio por desemprego.

c) O importe desta axuda será equivalente ao de tres meses de subsidio por desemprego. Cando a vítima da violencia exercida contra a muller tivese recoñecida oficialmente unha discapacidade en grao igual ou superior ao 33 por 100, o importe será equivalente a seis meses de subsidio por desemprego.

d) Ningunha é correcta.

CORRECTA A B.

10.-O Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, no artigo 2 establece que o concepto e natureza destes centros é:

a) Enténdese por centros de información á muller aqueles recursos de carácter non permanente desde os cales se articula unha intervención dirixida ás mulleres e que proporcionan asesoramento xurídico, psicolóxico e de forma excepcional orientación profesional e sociolaboral.

b) As actividades de prevención, información, asesoramento e loita encamiñada á consecución do principio de igualdade, serán prioritarias nos CIM.

c) Nos casos de atención a mulleres vítimas de violencia de xénero, poderase estender a atención ás fillas e fillos e ás persoas menores ou maiores dependentes delas.

d) Todas as respostas anteriores son incorrectas

CORRECTA A C.

11.-É unha función dos CIM, segundo o Decreto 130/2016, do 15 de setembro, a difusión e sensibilización cidadá acerca da vixencia e aplicación do principio de igualdade entre mulleres e homes e da necesidade da consecución de igualdade de dereitos e de integración social do colectivo LGTBI:

a) Si.

b) Non.

c) Si, se non hai unha asociación especializada na atención ao colectivo LGTBI.

d) Depende do concello ao que pertenza o CIM.

CORRECTA A A.

12.-O Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, establece no artigo 5 as seguintes funcións dos CIM: (Sinala a resposta INCORRECTA)

a) Atención específica a mulleres en situación de vulnerabilidade co obxectivo de mellorar a súa situación persoal, social ou laboral.

b) Atención específica a mulleres vítimas de violencia de xénero e, se for o caso, ás fillas, fillos e persoas menores a cargo da muller vítima, ou maiores dependentes, facilitando o acceso aos recursos existentes na Comunidade Autónoma, incluíndo a xestión urxente cos servizos policiais, sanitarios, psicolóxicos, xudiciais e sociais que sexan oportunos.

c) Recepción e resolución de denuncias e queixas en materia de discriminación por razón de xénero ou por razón de identidade ou orientación sexual no ámbito da publicidade e nos medios de comunicación.

d) Fomento do asociacionismo e da participación das mulleres en todos os ámbitos, así como do colectivo LGTBI e de actividades encamiñadas a súa integración en todos os ámbitos da vida social e económica.

CORRECTA A C.

13.-Segundo o Decreto 130/2016, do 15 de setembro, polo que se establecen os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, é unha función da persoa que exerce o asesoramento xurídico:

a) Realización de informes naqueles supostos en que sexan solicitados por organismos públicos.

b) Organización, xestión e seguimento de conferencias, encontros, xornadas ou cursos.

c) Coordinación da atención específica a mulleres en situación de especial vulnerabilidade.

d) Colaboración na elaboración de memorias e documentos.

CORRECTA A D.

14.-Segundo a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, é un dereito das persoas en relación cos servizos sociais:

a) A ter asignada unha persoa profesional de referencia que actúe como interlocutora principal e que asegure a coherencia e a globalidade no proceso de intervención social.

- b) Destinar as prestacións recibidas ao fin que mellor se adapte ás súas necesidades.

- c) Colaborar co persoal encargado de prestarlles a atención necesaria, acudindo ás entrevistas e seguindo os programas.

- d) Cando utilicen as instalacións ou residan nun centro, observar os regulamentos de réxime interno e normas de funcionamento ou convivencia.

CORRECTA A A.

15.-Como se denomina ao servizo especializado dirixido a mulleres vítimas de violencia de xénero que lles permite contar con atención psicolóxica desde o momento inicial de presentación da denuncia, o cal está operativo os 7 días da semana e os 365 días do ano:

- a) Programa de quenda de garda psicolóxica especializada en violencia de xénero.

- b) Programa de atención psicolóxica para mulleres vítimas de violencia de xénero.

- c) Programa de intervención psicolóxica con mulleres que sufriron violencia sexual.

- d) Centro de recuperación integral para mulleres vítimas de violencia de xénero.

CORRECTA A A.

16.-Segundo a Lei 10/2013, do 27 de novembro, de inclusión social de Galicia, é un criterio para a valoración técnica da situación de exclusión social ou risco de exclusión social:

- a) Estar nunha situación de cargas familiares.

- b) Ter a condición de muller vítima de violencia de xénero.

- c) Ter unha discapacidade valorada superior ou igual ao 65%

- d) Estar cumprindo unha pena nunha institución penitenciaria.

CORRECTA A B.

17.-Poderán ser destinatarias do Servizo telefónico de atención e protección para vítimas de violencia contra as mulleres, ATENPRO, mulleres vítimas de:

- a) Violencia sexual.
- b) Aborto forzado.
- c) Xestación por substitución.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

CORRECTA A D.

18.-Conforme establece o artigo 61 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas a petición razoada doutro órgano:

- a) Vincula ao órgano competente para iniciar o procedemento en calquera caso.
- b) Vincula ao órgano competente para iniciar o procedemento so nos casos de procedementos sancionadores.
- c) Non vincula ao órgano competente para iniciar o procedemento sen necesidade de comunicar ao órgano que a tivera formulado cales son os motivos polos que, no seu caso, non procede a iniciación.
- d) Non vincula ao órgano competente para iniciar o procedemento, se ben deberá comunicar ao órgano que a tivera formulado os motivos polos que, no seu caso, non procede a iniciación.

CORRECTA A D.

19.-Non é unha competencia de Alcaldía:

- a) O control e fiscalización dos órganos de goberno.
- b) Ditar bandos.
- c) A xefatura da Policía Local.
- d) Representar ao Concello.

CORRECTA A A.

20.-Conforme establece o artigo 8 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, os empregados públicos clasifícanse en:

- a) funcionarios de carreira e persoal laboral fixo.
- b) funcionarios de carreira, funcionarios interinos, persoal laboral fixo e persoal laboral temporal.
- c) funcionarios de carreira, funcionarios interinos, persoal laboral xa sexa fixo, por tempo indefinido ou temporal e persoal eventual.
- d) funcionarios de carreira, funcionarios interinos e persoal eventual.

CORRECTA C.

21.-Conforme establece o artigo 23 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público as retribucións básicas dos funcionarios de carreira están integradas única e exclusivamente

- a) Soldo e trienios.
- b) Soldo, trienios e complemento de destino
- c) Soldo, trienios, complemento de destino e de produtividade.
- d) Soldo, trienios, complemento de destino, complemento específico e complemento de produtividade.

CORRECTA A A.

22.-Segundo o artigo 4 da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, que se considera discriminación indirecta?

- a) O trato desigual baseado na orientación sexual dunha persoa.
- b) A adopción de disposicións, criterios ou prácticas que, aínda que neutrais, poidan poñer a persoas de determinadas orientacións sexuais en desvantaxe particular.

- c) A exclusión dunha persoa dun emprego debido á súa identidade de xénero.
- d) A negativa para prestar un servizo a unha persoa pola súa orientación sexual.

CORRECTA A B

23.-Que forma de violencia engade a Lei 12/2016, do 22 de xullo, pola que se modifica o artigo 3 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

- a) A violencia económica.
- b) A trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual.
- c) O acoso escolar.
- d) O abuso sexual.

CORRECTA A B.

24.-Indica a resposta que non é correcta, segundo ou artigo 5.2.1 dá Lei 5/2010, do 23 de xuño, pola que se establece e regula unha rede de apoio á muller embarazada, toda muller xestante menor de dezaioito anos terá dereito a:

- a) Educación para a maternidade.
- b) Apoio xurídico antes e despois do parto.
- c) Intervención familiar.
- d) Apoio para facilitar a súa formación na etapa do ensino obrigatorio.

CORRECTA A B

25.-Segundo ou artigo 2 do Real Decreto 1917/2008, do 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero, cal é unha medida de actuación:

- a) Itinerario de inserción sociolaboral, individualizado e realizado por persoal especializado.

- b) Programa formativo xeneral para favorecer a inserción sociolaboral por conta allea.
- c) Formación non especializada para favorecer o inicio dunha nova actividade por conta propia.
- d) Convenios con entidades públicas para facilitar a contratación de mulleres vítimas de violencia de xénero e a súa mobilidade xeográfica.

CORRECTA A A.

26.-Segundo o artigo 2.2 da Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia a efectos de interpretación e aplicación do interese superior do/a menor, que ítem non se terá en conta como criterios xerais:

- a) A protección do dereito á vida, supervivencia e desenvolvemento do menor e a satisfacción das súas necesidades básicas.
- b) A consideración dos desexos, sentimentos e opinións do menor, así como o seu dereito para participar progresivamente, no proceso de determinación do seu interese superior.
- c) A conveniencia de que a súa vida e desenvolvemento teña lugar nunha contorna familiar adecuada e libre de violencia. Non se priorizará a permanencia na súa familia de orixe e non se preservará o mantemento das súas relacións familiares.
- d) A preservación da identidade, cultura, relixión, conviccións, orientación e identidade sexual ou idioma do menor.

CORRECTA A C.

27.-Segundo o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, cal non é unha forma de acreditación da situación de violencia de xénero.

- a) Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou o secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
- b) Certificación dos servizos sociais e/o sanitarios da Administración pública autonómica ou local, non admitíndose informe.
- c) Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.

d) Informe do ministerio fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.

CORRECTA B.

28.-Segundo ou artigo 51 dá Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, o Servizo de Atención 24 horas:

a) Depende do departamento competente en materia de seguridade.

b) Ofrece atención e información integral sobre os recursos públicos pero non privados ao alcance das mulleres en situacións de violencia de xénero.

c) Colabora e coordínase coa rede de información ás mulleres, cos servizos de acollida temporal e con todos os servizos de urxencia nos casos necesarios.

d) Solicita ás mulleres usuarias a acreditación da situación de violencia de xénero.

CORRECTA A C.

29.-Segundo ou artigo 11 de medidas de asistencia da Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, a Xunta de Galicia establecerá medidas de apoio a:

a) Vítimas de violencia de xénero.

b) Vítimas de violencia homofóbica, bifóbica ou transfóbica.

c) Vítimas de violencia familiar.

d) Vítimas de discriminación racial.

CORRECTA A B.

30.-En que título da Constitución trátase a Coroa?

a) No Título III.

b) No Título I

c) No Título Preliminar

d) No Título II.

CORRECTA A D.

PREGUNTAS RESERVAS.

1.- Os municipios recuperan as competencias en materia de igualdade entre mulleres e homes e violencia de xénero, coa entrada en vigor de:

- a) A Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia (Disposición Final primeira).
- b) A Lei Orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero (Disposición Final primeira).
- c) A Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local (Disposición Final primeira).
- d) O Real Decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero (Disposición Final primeira).

CORRECTA A D.

2.-Para acceder ao servizo ATENPRO mediante alta ordinaria:

- a) So poderán acceder mulleres que contén cunha orde de protección.
- b) En todo caso para acceder ao servizo será necesario aportar un informe dos Servizos Sociais municipais ou calquera outra área de actuación en atención ás vítimas, que acredite a condición de vítima de violencia contra as mulleres da potencial usuaria.
- c) Poderán acceder ao servizo aqueles casos de mulleres nos que as penas ou medidas impostas non estean vixentes e non transcorreran máis de 5 anos desde a súa finalización.
- d) Poderán acceder ao servizo aqueles casos de mulleres en que as penas ou medidas impostas no estean vixentes por non acordarse no proceso xudicial e non transcorreran máis de 3 anos desde a resolución ditada.

CORRECTA A B.

3.-Segundo o artigo 9 da Lei Orgánica 8/2015, do 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia ou/a menor ten ou dereito a:

a) O/a menor ten dereito a ser oído e escoitado sen discriminación algunha por idade, discapacidade ou calquera outra circunstancia, só no ámbito familiar non en calquera procedemento administrativo, xudicial ou de mediación.

b) O/a menor ten dereito a ser escoitado tendo en conta a súa idade, así como se ten algunha discapacidade ou calquera outra circunstancia, tanto no ámbito familiar como en calquera procedemento administrativo, xudicial ou de mediación.

c) O/a menor ten dereito a ser oído e escoitado sen discriminación algunha por idade, discapacidade ou calquera outra circunstancia, tanto no ámbito familiar como en calquera procedemento administrativo

d) O/a menor ten dereito a ser oído e escoitado sen discriminación algunha por idade, discapacidade ou calquera outra circunstancia, tanto no ámbito familiar como en calquera procedemento administrativo, xudicial ou de mediación.

CORRECTA A D.

4.- O prazo no que debe notificarse a resolución expresa, salvo que unha norma con rango de lei estableza un maior ou así veña previsto no Dereito da Unión Europea, non poderá exceder de:

a) 10 días hábiles

b) 1 mes

c) 3 meses

d) 6 meses

CORRECTA A D.

5.- De conformidade co disposto no artigo 125.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, contra os actos firmes en vía administrativa poderá interpoñerse:

a) recurso de reposición

b) recurso extraordinario de revisión

c) recurso de alzada

d) non cabe interpoñer recurso en vía administrativa

CORRECTA A B.